



INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE DOCENCIA EN LINGUA ESTRANXEIRA EN GRAOS E MESTRADOS PARA O CURSO 2026-2027 PREVISTAS NO REGULAMENTO PARA A DOCENCIA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS EN CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (ReDLE).

O [Regulamento para a docencia en linguas estranxeiras \(ReDLE\)](#) ten como obxectivo regular a docencia en linguas estranxeiras na Universidade de Vigo para fomentar a internacionalización, mellorar as competencias lingüísticas do estudantado e atraer talento internacional.

Esta norma reconece, por unha banda, o papel preponderante dos centros na consecución destes obxectivos polo que, tendo en conta as diferentes situacións de partida, ofrece tres modalidades para que estes poidan artellar cadansúa estratexia de docencia en lingua estranxeira en titulacións de grao e mestrado:

- Modalidade A: Implantación de polo menos o 80% dos créditos ECTS de formación básica e obrigatoria da titulación en lingua estranxeira.
- Modalidade B: Oferta mínima de 30 créditos ECTS nun mesmo cuatrimestre en lingua estranxeira.
- Modalidade C: Menos de 30 créditos ECTS en lingua estranxeira.

Por outra banda, o Artigo 2 do ReDLE establece o procedemento para a elaboración, solicitude e avaliación de propostas de impartición de materias en lingua estranxeira nos graos e mestrados da Universidade de Vigo. Esta proposta non será necesaria para as materias nas que a docencia en lingua estranxeira se recolla na memoria de verificación do título.

Ao mesmo tempo, cómpre regular a inclusión na PDA daquelas propostas de docencia en lingua estranxeira que non supoñan contratación de persoal. Estas materias incluíranse na PDA como grupos NA, NB ou NC. É dicir, que non contabilizarán nas horas da PDA nin do POD, aínda que se expedirá a correspondente certificación ao profesorado que as imparta.

Esta instrución recolle os trámites que deberán seguir as xuntas de centro ou as xuntas de titulación, de ser o caso, para solicitar a aceptación de cadansúa proposta ante as vicerreitorías competentes nesta materia. **Segundo os CRITERIOS DE ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE ANUAL (PDA) para o curso 2026/27 (aprobados no Consello de Goberno de 10 de outubro de 2025), as propostas dirixiranse á vicerreitoría de Internacionalización e será a responsable da análise das propostas presentadas: materia, docente(s) e espazo.**

Os pasos a seguir:

1º. Contido das propostas

- Tal e como aparece indicado no artigo 2 do ReDLE, os centros remitirán á vicerreitoría de Internacionalización o ANEXO I que se achega nesta instrución. No caso de que o





centro oferte materias en lingua estranxeira en diferentes titulacións, enviarase un ANEXO I por cada titulación.

- Canda o ANEXO I os centros achegarán tamén os correspondentes ANEXOS II onde as direccións dos departamentos e das CAM garantirán que contan con profesorado debidamente acreditado segundo o Artigo 4 do REDLE durante o curso 2026-27 para todas as modalidades (A, B e C).

2º. Prazo de presentación das propostas

- O prazo de envío remata o 27 de outubro de 2025 ás 23.59 horas.
- A solicitude dirixirase á vicerreitoría de Internacionalización a través da Sede Electrónica.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Reitor

Por delegación, RR. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

María Isabel del Pozo Triviño



ANEXO I

Centro:
Titulación:
Modalidade (A, B ou C):

LISTAXE DE MATERIAS QUE SE PROPOÑEN IMPARTIR NA LINGUA ESTRANXEIRA

Código SIGMA	Título da materia	Indicar carácter: Básico (BA), Optativo (OP), Obrigatorio (OB)	Indicar cuatrimestre (1º ou 2º) ou anual (A)	Núm. ECTS	Lingua de impartición	Indicar os tipos de grupo: TE, PR ou SE ¹	Código do departamento ou CAM encargada da docencia

Ao asinar esta proposta, garanto a dispoñibilidade de infraestruturas para acoller os grupos docentes adicionais que se constituirán como resultado da implantación desta proposta.

Sinatura dixital do decano/a ou director/a do centro

¹ Só cubrir no caso de que a docencia non contabilice horas da PDA e do POD.



ANEXO II

O departamento....., con código..... ou a Comisión Académica de Mestrado (CAM) do mestrado, comprométese a impartir as seguintes materias en lingua estranxeira no curso 2026-2027:

Código SIGMA	Título da materia	Indicar carácter: Básico (B), Optativo (P), Obrigatorio (B)	Indicar cuatrimestre (1º ou 2º) ou anual (A)	Núm. ECTS	Lingua de impartición	Indicar os tipos de grupo: TE, PR, SE ¹	Código do departamento ou CAM encargada da docencia

Ao asinar esta proposta, garanto a dispoñibilidade de profesorado acreditado para impartir estas materias na lingua estranxeira indicada, segundo o Artigo 4 do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira en centros da Universidade de Vigo(ReDLE).

Sinatura dixital do director/a do departamento/CAM

¹ Só cubrir no caso de que a docencia non contabilice horas da PDA e do POD.

